

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**17038** *Real decreto 1435/2010, do 5 de novembro, polo que se regula o abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo nas listas sexta e sétima do rexistro de matrícula de buques.*

A navegación de recreo é unha actividade náutica en expansión no noso país, debido tanto ao número de embarcacións que enarboran pavillón español como ao daquelas que nos visitan durante o ano e, en particular, nos períodos estivais.

Aínda que hai normativa, fundamentalmente europea, que regula os aspectos construtivos e de seguridade que afectan a todas elas, non existe unha regulación que recolla os requisitos de abandeiramento e matriculación das embarcacións españolas coa suficiente flexibilidade e rapidez.

O Real decreto 544/2007, do 27 de abril, polo que se regula o abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo na lista sétima do Rexistro de Matrícula de Buques, foi un primeiro intento de simplificar as exixencias para matricular unha embarcación. A experiencia acumulada desde entón demostrou que existían posibilidades de mellora.

Neste sentido, este real decreto diferencia as embarcacións con marcación CE das que non a posúen e, no caso das primeiras, aquelas de eslora igual ou inferior a 12 metros, para as que os requisitos de inscrición son moi básicos. Permite, tamén, a posibilidade de preinscrición das embarcacións, o que supón un importante aforro de tempo á hora de rexistralas.

Regúlase, así mesmo, o efecto do silencio administrativo en sentido negativo. Isto é así en virtude de que os supostos de que se trata, abandeiramento, rexistro e renovación ou nova expedición do certificado de rexistro español-permiso de navegación, afectan de tal modo a seguridade da náutica de recreo que resulta de aplicación a excepción comprendida no anexo dous da disposición adicional 29.2 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, modificada polas leis 24/2001, do 27 de decembro, e 62/2003, do 30 de decembro, ditada en cumprimento da disposición adicional primeira ordinal segundo, da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 30 de novembro.

En suma, trátase de unir os requisitos de simplicidade, eficacia e servizo efectivo aos cidadáns co de seguridade xurídica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para o abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo nas listas sexta e sétima do Rexistro de Matrícula de Buques, a que se refire o artigo 4.1 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, polo que se regula o abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do previsto neste real decreto entenderase por:

a) «Embarcación de recreo» (en diante «embarcación»): toda embarcación de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora comprendida entre 2,5 e 24 metros, medida segundo os criterios fixados na alínea c) deste

artigo e utilizada para fins deportivos ou de ocio. Quedan comprendidas nesta definición as embarcacións que sexan utilizadas con ánimo de lucro ou con fins de adestramento para a navegación de recreo.

b) «Embarcación auxiliar»: toda embarcación de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxa eslora máxima non sexa superior a 4 metros e cuxa potencia instalada, se for o caso, non sexa superior a 8 kW, sempre e cando sexa destinada exclusivamente ao servizo auxiliar da embarcación principal de recreo a que serve. Estas embarcacións só poderán navegar nas proximidades da embarcación principal.

c) «Eslora»: a distancia medida paralelamente á liña de flotación de referencia, e ao eixe da embarcación, entre dous planos verticais perpendiculares ao plano central da embarcación situados un na parte máis a proa desta e o outro na parte máis a popa.

Esta eslora inclúe todas as partes estruturais da embarcación e as que forman parte integrante dela, tales como rodas ou popas de madeira, metal ou plástico, as amuradas e as xuntas casco/cuberta, así como aquelas partes desmontables do casco que actúan como soporte hidrostático ou hidrodinámico cando a embarcación está en repouso ou navegando. Esta eslora exclúe todas as partes móbiles que se poidan desmontar de forma non destrutiva sen afectar a integridade estrutural da embarcación, tales como paus, penois, plataformas saíntes en calquera extremo da embarcación, gornicións de proa, temóns, soportes para motores, apoios para propulsión, plataformas para se mergullar e acceder a bordo e proteccións e defensas.

Para as embarcacións con marcación CE a eslora será a que se axuste á definición dos parágrafos anteriores entre as recollidas na declaración de conformidade da embarcación, que é a «eslora do casco» segundo se define na norma UNE EN-ISO 8666:2006.

d) «Abandeiramento»: acto administrativo polo cal, tras a correspondente tramitación prevista neste real decreto, se autoriza que unha embarcación enarbore pavillón español.

e) «Porto de matrícula», ou, simplemente, «matrícula»: porto onde se encontre o distrito marítimo en que estea rexistrada unha embarcación.

f) «Indicativo de matrícula»: conxunto alfanumérico con que se identifica e individualiza cada embarcación de recreo, formada por orde correlativa pola lista, a provincia marítima, o distrito marítimo e o folio/ano.

g) «Indicativo de inscrición»: conxunto alfanumérico de carácter secuencial asignado polo distrito marítimo correspondente, con que se identifica e individualiza cada embarcación de recreo de eslora igual ou inferior a 12 metros, e que estean suxeitas ao establecido no artigo 8 deste real decreto.

h) «Entidades colaboradoras de inspección»: as autorizadas polo Ministerio de Fomento para realizar actividades de inspección e control das embarcacións de recreo, que reúnan as condicións exixidas no artigo 6 do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de recreo para garantir a seguridade da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección.

i) «Zona de navegación»: zona limitada a unha determinada distancia da costa na cal se autoriza a navegar a unha embarcación, en función das características da embarcación e dos equipamentos de seguridade a bordo dela. Para a dita determinación teranse en conta as zonas definidas no número 6 do artigo 3 do Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois.

j) «Número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI)»: número de nove cifras que serve para identificar cada embarcación para efectos de radiocomunicacións e que debe ser programado nos equipamentos automáticos e as radiobalizas por satélite, de acordo co artigo 19 do Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

k) «Licenza de estación de barco (LEB)»: documento que permite a un particular ou entidade instalar ou explotar unha estación transmisora conforme as disposicións do

Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións e as do país do cal dependa a dita estación.

- l) «Países terceiros»: Estados que non son membros da Unión Europea.
- m) «Transferencia da titularidade»: todo cambio na propiedade dunha embarcación acreditada documentalmente por calquera medio válido en dereito.
- n) «Certificado de rexistro español-permiso de navegación»: documento integrado, expedido pola Administración marítima española, que acredita a inscrición dunha embarcación no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.
- ñ) «Folla de asento»: documento de carácter físico ou electrónico que contén a información relativa á embarcación de que se trate.
- o) «Actos rexistrables»: as transferencias de propiedade ou titularidade, as obras de reparación ou de transformación, as reformas ou gran reparación, os cambios de motor non foraborda, de matrícula, de nome e de lista, e a baixa, así como calquera outro acto que supoña a creación, modificación ou extinción dun gravame.
- p) «Número CIN»: número de identificación da embarcación que inclúe o código do país do fabricante, o código do construtor, un número de serie único, o mes e o ano de fabricación e o ano do modelo.
- q) «Artefactos flotantes ou de praia»: artefactos proxectados con fins recreativos ou deportivos, dos seguintes tipos:
  - i) Piraguas, kaiaks, canoas sen motor e outros artefactos sen propulsión mecánica.
  - ii) Patíns con pedais ou provistos de motor con potencia inferior a 3.5 kW.
  - iii) Motos náuticas.
  - iv) Táboas de vela.
  - v) Táboas esvaradías con motor.
  - vi) Instalacións flotantes fondeadas.
  - vii) Outros enxeños similares aos descritos nos puntos anteriores que se utilicen para o ocio.
- r) «Embarcación de alta velocidade»: as suxeitas ao ámbito de aplicación do Real decreto 1119/1989, do 15 de setembro, polo que se regula o tráfico de embarcacións especiais de alta velocidade nas augas marítimas españolas.
- s) «Certificado de navegabilidade»: documento que expide a Administración marítima que reflicte as características técnicas da embarcación e que serve de soporte para as inspeccións periódicas realizadas á embarcación.
- t) «Pasaxeiros»: as persoas que vaian a bordo dunha embarcación, excepto os nenos menores dun ano, e o patrón e os membros da tripulación, así como as persoas empregadas ou ocupadas a bordo da embarcación en calquera cometido que estea relacionado coas actividades desta.
- u) «Usuario»: toda persoa distinta do propietario, autorizada por este para o uso e disfrute da embarcación.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste real decreto será de aplicación:
  - a) Ao abandeiramento e matriculación nas listas sexta e sétima das embarcacións de recreo.
  - b) Ás anotacións nas follas de asento de calquera acto rexistrable que se dea sobre as embarcacións xa abandeiradas e rexistradas nas listas anteriormente citadas.
2. Están excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as embarcacións que teñan outorgado permiso temporal de navegación de acordo coa normativa vixente e as embarcacións de recreo da lista sexta que transporten máis de doce pasaxeiros. Non estarán obrigadas ao seu rexistro, ou regularanse pola súa normativa específica, as embarcacións históricas e tradicionais, así como as embarcacións de regatas que estean destinadas exclusivamente á competición e os artefactos flotantes ou de praia.

3. Quedan ademais excluídos da aplicación deste real decreto os procedementos de cambio de lista, salvo os que se produzan entre as listas sexta e sétima das listas enumeradas no artigo 4 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo.

4. As embarcacións de recreo de eslora igual ou inferior a 12 metros, exceptuadas as embarcacións de alta velocidade, estarán suxeitas ao réxime previsto no artigo 8 deste real decreto, cando posúa a propia embarcación e o seu equipamento propulsor a marcación CE.

*Artigo 4. Do abandeiramento e matriculación das embarcacións nas listas sexta e sétima.*

1. O procedemento de abandeiramento e matriculación iniciarase coa solicitude do propietario da embarcación, ou o seu representante autorizado, ante o distrito marítimo correspondente ao porto de matrícula elixido por este, cuberta de acordo co modelo que figura no anexo I.

Naqueles supostos en que a adquisición da embarcación sexa a través de fórmulas de arrendamento financeiro con opción a compra, o procedemento de abandeiramento e matriculación poderá ser iniciado tanto pola entidade financeira como polo arrendatario.

O distrito marítimo ante o cal se presentou a solicitude realizará todas as actuacións necesarias para a tramitación do expediente de acordo co establecido na Lei 30/1992.

Os modelos de solicitude estarán dispoñibles en calquera distrito marítimo e no enderezo do Rexistro Electrónico do Ministerio de Fomento (<https://sede.fomento.gob.es>).

2. Aos impresos citados no número anterior deberase xuntar, segundo os casos, a documentación que se especifica nos artigos 9 e 10, ben mediante a achega de documentos orixinais ou fotocopias, ben mediante ficheiros electrónicos.

3. Non obstante o establecido nos números anteriores, mediante resolución expresa do xefe de distrito e logo de instancia dunha empresa comercializadora ou estaleiro español, poderanse preinscribir as embarcacións de recreo, que estean obrigadas ao seu rexistro e abandeiramento, presentando a seguinte documentación:

- a) Solicitude en formato normalizado do anexo II.
- b) Declaración responsable sobre a titularidade.
- c) Declaración responsable de que a embarcación/motores proceden da Unión Europea, en caso contrario, declaración da alfándega española ou comunitaria que a introduciu a libre práctica.
- d) Xustificante do pagamento das taxas seguintes:
  - i. de inscrición.
  - ii. de axudas á navegación.
- e) Certificado de navegabilidade, obtido de acordo co establecido no artigo 9.2 deste real decreto.
- f) Certificado de baixa no rexistro do país de procedencia para as embarcacións importadas e rexistradas previamente noutro país ou declaración responsable de que tal rexistro non é necesario no dito país.

Se a embarcación preinscrita foi transmitida por contrato de compravenda ou outro título válido en dereito, a resolución expresa a que se fai referencia no parágrafo anterior, que terá o formato do anexo III, servirá de permiso provisional de navegación polo prazo de seis meses contados desde a transmisión da embarcación. Co obxecto de acreditar a vixencia do permiso provisional, este deberá estar acompañado do documento acreditativo da transmisión da embarcación. Neste período de tempo, ata que non se leve a cabo a inscrición definitiva, en que a transmisión da embarcación terá efectos ante a Administración marítima, o adquirente terá a consideración de propietario para os efectos de cumprir coas obrigas establecidas para o titular da embarcación neste real decreto e no resto da normativa vixente.

Durante a vixencia deste permiso provisional a embarcación só poderá navegar no mar territorial español e, en calquera caso, non poderá superar as zonas de navegación ás cales estea limitada de acordo coa súa categoría de deseño.

Transcorrido o mencionado prazo de seis meses sen que se efectuase a inscrición definitiva, o permiso provisional de navegación caducará.

A inscrición definitiva da embarcación preinscrida deberase levar a cabo, logo de solicitude do propietario ou do seu representante autorizado, ante o distrito marítimo correspondente ao seu porto de preinscrición ou do porto elixido para o seu abandeiramento, durante o prazo dos seis meses, desde a adquisición da embarcación, xuntando unicamente unha solicitude e o documento acreditativo da titularidade.

No caso de que a inscrición definitiva se realice nun distrito marítimo distinto daquel en que figure a preinscrición, o distrito marítimo elixido efectuará a correspondente anotación electrónica na folla de asento aberta para a preinscrición, que pasará a definitiva, e estenderá o certificado de rexistro español-permiso de navegación. O distrito marítimo do porto de preinscrición remitirá todo o expediente histórico da embarcación que serviu para facer a preinscrición para o seu arquivo no distrito marítimo de inscrición definitiva.

4. En ambos os casos, transcorrido o prazo dun mes desde a presentación da solicitude sen que recaia resolución expresa, aquela entenderase desestimada. A resolución do xefe de distrito marítimo será susceptible de recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e esta poderá ser impugnada potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a ditou ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

#### Artigo 5. *Da folla de asento.*

A folla de asento será aberta, para cada embarcación, con calquera das solicitudes a que se fai referencia no artigo 4 deste real decreto. Nela anotaranse os actos rexistrables relacionados coa embarcación e demais vicisitudes que a afecten ao longo da súa vida útil, e cerrárase coa anotación de baixa correspondente.

#### Artigo 6. *Do certificado de rexistro español-permiso de navegación.*

A toda embarcación rexistrada e abandeirada, dotada de tripulación non profesional, seralle expedido o certificado de rexistro español-permiso de navegación.

Neste documento figurarán as características principais da embarcación e os datos do seu propietario e terá o formato que se indica no anexo IV.

As embarcacións con tripulación profesional deberán levar o modelo oficial de rol de acordo co previsto na Orde do 18 de xaneiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento sobre despacho de buques.

#### Artigo 7. *Do nome e indicativo de matrícula da embarcación.*

1. O nome da embarcación, que será obrigatorio para as de eslora superior a 12 metros e potestativo para as iguais ou inferiores á dita eslora, asignarase, por proposta do interesado, con suxeición ao seguinte:

a) Ao solicitar o abandeiramento, no modelo que figura no anexo I, o interesado propondrá o nome.

b) A asignación do nome será realizada polo distrito marítimo ao ditar resolución sobre a solicitude de abandeiramento. A asignación decidirse con suxeición aos seguintes requisitos:

i. Poderanse autorizar anagramas, sempre que non se presten a confusión, así como números a continuación dun nome, que poderán figurar escritos en letra, así como en números romanos ou arábigos.

ii. En todo caso, o nome figurará en alfabeto latino.

2. O nome irá pintado ou fixado de forma permanente nunha cor que destaque sobre o fondo do casco e nun tamaño adecuado ás dimensións da embarcación, de forma que poida ser facilmente identificada no mar.

3. O nome poderase pintar ou fixar nas amuras, nas aletas ou na popa.

4. As embarcacións levarán o indicativo de matrícula pintado ou fixado de forma permanente en ambas as amuras e colocarse á máxima altura posible da liña de flotación. O seu tamaño será o suficiente en relación coas dimensións da embarcación para que poida ser facilmente identificado no mar e a súa cor será clara sobre cascos escuros e escura sobre cascos claros.

5. As embarcacións auxiliares deberán levar o mesmo indicativo de matrícula do seu principal, sen nome, e engadido ao final deste, entre parénteses a expresión «Aux» e o indicativo de matrícula do seu principal. No suposto de que haxa máis dunha embarcación auxiliar, utilizaranse números correlativos.

*Artigo 8. Réxime especial das embarcacións de recreo con marcación CE de eslora igual ou inferior a 12 metros.*

1. Todas as embarcacións de recreo de eslora igual ou inferior a 12 metros están exentas da obriga de abandeiramento e matriculación, así como de despacho, sempre que a propia embarcación e o seu equipamento propulsor posúan a marcación CE. Non obstante, poderán ser abandeiradas e matriculadas por petición expresa do titular, caso en que será de aplicación o réxime xeral establecido no artigo 9 deste real decreto.

En todo caso, deberán obter antes da súa entrada en servizo un certificado de inscrición, de acordo co previsto no número 6 deste artigo e cumprir o previsto no número 4.

2. Estas embarcacións de recreo só poderán navegar no mar territorial español e, en calquera caso, non poderán superar as zonas de navegación a que estean limitadas de acordo coa súa categoría de deseño.

3. As embarcacións de recreo suxeitas a este artigo terán o deber de enarborar o pavillón español nos termos previstos no Real decreto 2335/1980, do 10 de outubro, polo que se regula o uso da bandeira de España e outras bandeiras e insignias a bordo dos buques nacionais.

4. Así mesmo, estas embarcacións deberán levar pintado ou fixado de forma permanente en ambas as amuras o indicativo de inscrición, que se colocará á máxima altura posible da liña de flotación. O seu tamaño será o suficiente en relación coas dimensións da embarcación para que poida ser facilmente identificado no mar e a súa cor será branca sobre cascos escuros e negra sobre cascos claros. O nome para estas embarcacións ten carácter potestativo e no suposto de levalo poderase pintar ou fixar sempre que isto non dificulte nin cause confusión coa exhibición do indicativo de inscrición.

5. Os propietarios e patróns destas embarcacións de recreo serán responsables de que estas cumpran coas normas de seguridade marítima, contra incendio, de prevención da contaminación do medio mariño e de radiocomunicacións, da posesión por parte do patrón da titulación adecuada, de respectar o máximo número de persoas embarcadas, de ter en vigor o seguro de responsabilidade civil e o documento a que se refire o número seguinte.

6. O distrito marítimo, nun prazo máximo de quince días, por instancia do adquirente da embarcación, expedirá a estas embarcacións un certificado de inscrición con número secuencial anualizado, segundo o modelo do anexo V atendendo á súa eslora, e de acordo co seguinte:

a) Os titulares destas embarcacións solicitarán a súa inscrición na correspondente lista do distrito que desexen mediante solicitude normalizada, segundo o modelo do anexo VI, dispoñible en calquera distrito marítimo e no enderezo do Rexistro Electrónico do Ministerio de Fomento (<https://sede.fomento.gob.es>).

b) As solicitudes deberán ir acompañadas dunha copia da factura de compra ou do pagamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados,

nos casos de cambio de titularidade mediante contrato de compravenda, ou do título que acredite o dereito de desfrute da embarcación, así como a documentación acreditativa do pagamento ou, se for o caso, non suxeición ou exención do imposto especial sobre determinados modos de transporte.

7. O documento, a que se fai referencia no número 6 deste artigo, substituirá, nestas embarcacións, o certificado de navegabilidade regulado no Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, e constará na realización das inspeccións a que estea suxeita a embarcación de acordo co establecido no mencionado real decreto.

8. A inexactitude ou falseamento na información acerca destas embarcacións ou na documentación achegada, así como o incumprimento de levar a bordo da embarcación os documentos citados neste artigo, ou o seu falseamento ou alteración, salvo que a dita conduta fose sancionada por vía xudicial, de conformidade co previsto no artigo 119.3 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, serán sancionados conforme o disposto no título IV da mencionada Lei 27/1992.

9. O certificado de inscrición caducará cando o titular da embarcación solicite o abandeiramento e matriculación desta de conformidade co réxime previsto no artigo seguinte.

10. As embarcacións auxiliares das embarcacións acollidas a este réxime especial deberán levar o mesmo indicativo de inscrición do seu principal, sen nome, e engadindo ao final deste, entre parénteses, a expresión «Aux» e o indicativo de matrícula do seu principal. No suposto de que haxa máis dunha embarcación auxiliar, utilizaranse números correlativos.

Artigo 9. *Documentación requirida para o abandeiramento de embarcacións con marcación CE.*

1. Á solicitude de abandeiramento das embarcacións de recreo con marcación CE xuntaráse, cando corresponda, a seguinte documentación:

- a) Declaración de conformidade da embarcación e dos motores propulsores emitida polo construtor ou o seu representante autorizado establecido na Unión Europea.
- b) Título de adquisición da propiedade ou do dereito de desfrute do solicitante.
- c) Documento acreditativo da representación para actuar en nome do propietario da embarcación ou do titular do dereito a desfrute da embarcación, todo isto de conformidade co previsto no artigo 32.3 da Lei 30/1992.
- d) Despacho de alfándegas, se for o caso, para as embarcacións procedentes de países terceiros.
- e) Certificado de baixa no rexistro do país de procedencia para as embarcacións importadas e rexistradas previamente noutro país ou declaración responsable de que tal rexistro non é necesario no dito país.
- f) Documentación acreditativa do pagamento do imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- g) Xustificante de ingreso da taxa de inscrición no Rexistro de Buques, regulada na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/1992.
- h) Xustificante do pagamento da taxa de axudas á navegación regulada no artigo 20 da Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral.

2. Os documentos sinalados no número 1.a) poden ser substituídos polo certificado de navegabilidade da embarcación cando se obtivese previamente. Para a obtención previa do certificado de navegabilidade das embarcacións de recreo con marcación CE, as comercializadoras ou estaleiro español deberán solicitalo ante a Administración marítima xuntando a declaración de conformidade da embarcación e do motor emitida polo construtor ou o seu representante autorizado establecido na Unión Europea.

A entrega do certificado de navegabilidade, segundo o modelo que figura no anexo VII, farase logo da presentación do xustificante de ingreso da taxa de emisión de tal certificado.

Artigo 10. *Documentación requirida para o abandeiramento das embarcacións sen marcación CE.*

1. Respecto das embarcacións que carezan da marcación CE, tanto novas, coa excepción das construídas por afeccionados, como aquelas existentes procedentes de países terceiros ou de poxa ou achados, que carezan de documentación identificativa da embarcación e do país de procedencia, deberase obter, previamente ao seu rexistro, a marcación CE, mediante un procedemento de avaliación da conformidade con posterioridade á súa fabricación, regulado no artigo 6.1 do Real decreto 2127/2004, do 29 de outubro, polo que se regulan os requisitos de seguridade das embarcacións de recreo, das motos náuticas, dos seus compoñentes e das emisións de escape e sonoras dos seus motores.

Unha vez obtida a dita marcación, poderase solicitar o rexistro presentando a documentación indicada no artigo 9 deste real decreto.

2. As embarcacións existentes procedentes da Unión Europea que carezan da marcación CE poderanse rexistrar sempre que se cumpra unha das condicións seguintes:

a) Que a embarcación dispoña dun certificado de inspección de buques anterior ao 2 de xuño de 1992, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Que a embarcación dispoña dun certificado de homologación expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

c) Que a embarcación dispoña dun certificado de construción por unidades expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

d) Respecto das embarcacións que acrediten ter sido comercializadas na Unión Europea antes do 16 de xuño de 1998, a presentación dun proxecto elaborado e asinado por técnico titulado competente, no cal, a xuízo da Administración marítima, se demostre que a embarcación cumpre co establecido na Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias, que deben levar a bordo as embarcacións de recreo, e, na medida do posible, coas normas UNE harmonizadas que se inclúen na lista do anexo VIII.

Así mesmo, terán que superar con resultado favorable o recoñecemento inicial realizado pola Administración marítima de acordo co establecido no artigo 3.A do Real decreto 1434/1999.

As embarcacións previamente rexistradas noutro Estado membro da Unión Europea que teñan menos de 25 anos de antigüidade e unha eslora inferior a 24 metros poderanse rexistrar sen necesidade de presentar o correspondente proxecto, sempre que a marca e o modelo figure na base de datos das embarcacións homologadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, e a Administración marítima someta a embarcación a un recoñecemento inicial, que será ampliado co alcance dos recoñecementos periódicos definidos no artigo 3.B do Real decreto 1434/1999.

e) Respecto das embarcacións que non acrediten ter sido comercializadas na Unión Europea antes do 16 de xuño de 1998, a obtención da marcación CE mediante un procedemento de avaliación da conformidade con posterioridade á súa fabricación, de acordo co establecido no artigo 6.1 do Real decreto 2127/2004, do 29 de outubro, polo que se regulan os requisitos de seguridade das embarcacións de recreo, das motos náuticas, dos seus compoñentes e das emisións de escape e sonoras dos seus motores.

3. Nos supostos considerados no número anterior, o interesado poderá solicitar o rexistro presentando ante o distrito marítimo a documentación que se indica a continuación:



a) Certificado de inspección de buques ou certificado de homologación ou certificado de construción por unidades ou os requisitos que se indican no número 2.d) ou a obtención da marcación CE mediante un procedemento que se indica no número 2.e) deste artigo, segundo proceda.

b) Presentación do título de adquisición da propiedade ou do dereito de desfrute.

c) Certificado de baixa no rexistro do país de orixe para as importadas previamente rexistradas noutro país ou declaración responsable de que tal requisito non é necesario nese país.

d) Autorización, se for o caso, de conformidade co previsto no artigo 32.3 da Lei 30/1992, que acredite a outra persoa física ou xurídica para actuar en nome do propietario.

e) Documentación acreditativa do pagamento ou, se for o caso, non suxeición ou exención do imposto especial sobre determinados medios de transporte.

f) Xustificante de ingreso da taxa de inscrición no Rexistro de Matrícula de Buques, regulada na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/1992.

g) Xustificante do pagamento da taxa de axudas á navegación regulada no artigo 20 da Lei 33/2010.

*Artigo 11. Documentación requirida para o abandeiramento de embarcacións construídas por afeccionados.*

1. As embarcacións novas construídas por afeccionados poderanse abandeirar e rexistrar na lista sétima sempre que se presente un proxecto elaborado e asinado por técnico titulado competente, no cal, a xuízo da Administración marítima, se demostre que a embarcación cumpre co establecido na Orde FOM/1144/2003 e cos requisitos esenciais establecidos no anexo I do Real decreto 2127/2004. O cumprimento coas normas harmonizadas do anexo XVIII do Real decreto 2127/2004 será admitido como suficiente respecto ao cumprimento dos requisitos esenciais.

O seguimento da construción destas embarcacións será realizado pola Administración marítima de acordo co establecido no Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro. Así mesmo, deberán superar con resultado favorable o recoñecemento inicial realizado pola Administración marítima de acordo co establecido no artigo 3.A do Real decreto 1434/1999.

Neses casos, o interesado presentará ante o distrito marítimo a documentación que se indica no artigo 10.3.

2. Se a embarcación construída por afeccionado se comercializa ou se pretende inscribir na lista sexta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa construción, deberase obter, previamente á súa inscrición no rexistro, a marcación CE, mediante un procedemento de avaliación da conformidade con posterioridade á súa fabricación, regulado no artigo 6.1 do Real decreto 2127/2004.

3. Unha vez obtida a dita marcación poderase solicitar a inscrición no rexistro presentando a documentación indicada no artigo 9 deste real decreto.

*Artigo 12. Da inscrición no Rexistro de Bens Mobles.*

Para a inscrición no rexistro das embarcacións suxeitas a este real decreto, non será exixible en ningún caso a inscrición no Rexistro de Bens Mobles.

*Artigo 13. Resolución do procedemento de abandeiramento.*

1. O procedemento de abandeiramento finalizará mediante resolución do xefe de distrito marítimo, ditada no prazo dun mes desde a presentación da solicitude. A resolución, que será notificada ao interesado, conterá a autorización do seu abandeiramento ou a súa denegación motivada, conforme a lexislación vixente. Transcorrido o prazo sinalado sen resolución expresa entenderase desestimada a solicitude de abandeiramento.

2. No caso de que a resolución sexa desestimatoria, xunto coa súa notificación ao interesado xuntaranse os documentos orixinais que acompañasen a solicitude de abandeiramento.

3. A resolución do xefe de distrito marítimo será susceptible de recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e esta poderá ser impugnada potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

#### Artigo 14. *Actuacións derivadas da resolución de abandeiramento.*

1. No caso de que a resolución autorice o abandeiramento da embarcación, o distrito marítimo rexistraraa na lista sexta ou sétima, facendo constar a matrícula da embarcación, o número CIN e o seu nome e aqueles outros extremos regulados no artigo 75 da Lei 27/1992.

Nos supostos en que se ditase resolución estimatoria no procedemento de abandeiramento sen que recaese pronunciamento expreso respecto do outorgamento da licenza de estación de barco (LEB), farase mención na dita resolución da obriga do propietario e patrón da embarcación de navegar unicamente polo mar territorial español e, en calquera caso, non poderá superar as zonas de navegación a que estea limitada de acordo coa súa categoría de deseño, ata obter a licenza de estación de barco (LEB).

2. O interesado retirará do distrito marítimo o correspondente certificado de rexistro-permiso de navegación, o certificado de navegabilidade, e, se for o caso, a licenza de estación de barco (LEB), expedidos no formato que se recolle nos anexos IV, VII e IX.

#### Artigo 15. *Pagamento das taxas.*

1. O pagamento da taxa de inscrición no rexistro acreditarase ao solicitar o abandeiramento.

2. Se for o caso, será exigible o pagamento da taxa por emisión do certificado de navegabilidade conforme o disposto no artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na modificación do seu número sete efectuada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e da taxa por asignación do MMSI e por emisión da licenza de estación de barco de acordo co previsto no artigo 4 da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público.

Así mesmo, será exigible o pagamento previo das taxas correspondentes para efectuar a inscrición de cada un dos actos rexistrables.

3. O pagamento das taxas indicadas no número anterior realizarase en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 12.5 da Lei 14/2000, e formalizarase nun único instrumento de cobramento que inclúa o importe total que hai que aboar e os conceptos desagregados correspondentes a cada taxa.

#### Artigo 16. *Obrigas dos propietarios e usuarios das embarcacións.*

1. Os propietarios das embarcacións deberán solicitar o seu rexistro, instar a súa baixa no rexistro e realizar todos os actos precisos para manter ao día os documentos a que se refire o artigo 14.2.

2. Os propietarios das embarcacións e, se for o caso, os usuarios serán responsables de levar a bordo os documentos a que se fai referencia no número anterior, ademais de calquera outro exixido pola normativa vixente.

3. A inexactitude ou falseamento na información acerca das embarcacións ou na documentación presentada, así como o incumprimento de levar a bordo da embarcación os documentos citados no artigo 14.2, ou o seu falseamento ou alteración, salvo que a dita conduta fose sancionada por vía xudicial, de conformidade co previsto no artigo 119.3 da

Lei 27/1992, serán sancionados conforme o disposto no título IV da mencionada Lei 27/1992.

Artigo 17. *Renovación ou nova expedición do certificado de rexistro español-permiso de navegación.*

1. A renovación do certificado de rexistro español-permiso de navegación deberase realizar cada cinco anos, para o cal a persoa que figure como propietaria no rexistro de buques deberá solicitar a súa renovación tres meses antes da finalización da validez do certificado.

A superación da data de validez sen ter renovado o certificado de rexistro-permiso de navegación implicará a súa caducidade e a prohibición de realizar ningunha navegación.

Así mesmo, deberase solicitar a nova expedición do certificado cando se produzan cambios nos seus datos.

2. A solicitude de renovación presentárase ante calquera distrito marítimo que no prazo dun mes efectuará a correspondente anotación electrónica na folla de asento e emitirá un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación. No caso de que a solicitude se presentase nun distrito marítimo que non corresponda ao seu porto de matrícula, ademais enviará a documentación, para o seu arquivo, ao distrito marítimo correspondente ao seu porto de matrícula.

Transcorrido o prazo dun mes desde que se presentou a solicitude sen resolución expresa entenderase desestimada. A resolución do xefe de distrito marítimo será susceptible de recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e esta poderá ser impugnada potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a ditou ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Seguirase o mesmo procedemento nos casos de extravío, furto ou perda do certificado de rexistro español-permiso de navegación.

3. As transferencias de titularidade e a inscrición dos demais actos rexistrables poderanse realizar ante o distrito marítimo do porto de matrícula ou ante calquera outro distrito marítimo. A transferencia de titularidade deberá ser comunicada polo vendedor e, potestativamente, polo comprador, no prazo máximo de tres meses contados desde a data da transferencia, presentando aqueles documentos que a xustifiquen. Así mesmo será comunicada ao dito órgano administrativo a variación dos datos que dean lugar á emisión do novo certificado de rexistro español-permiso de navegación mediante a presentación de calquera documento válido en dereito que acredite o acto que se vai rexistrar.

A comunicación presentárase ante calquera distrito marítimo, que efectuará a correspondente anotación electrónica na folla de asento e expedirá un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación. No caso en que a dita comunicación se realizase ante un distrito marítimo distinto ao do seu porto de matrícula, remitírase a este a documentación, para o seu arquivo.

No suposto de que, ademais das modificacións anteriores, se solicite cambio de porto de matrícula, o distrito marítimo do porto de matrícula de orixe remitirá todo o expediente histórico da embarcación ao da nova matrícula para o seu arquivo.

4. A renovación e nova expedición do certificado de rexistro español-permiso de navegación suporá unicamente o pagamento das taxas correspondentes á anotación na folla de asento da emisión e entrega do novo certificado. O dito pagamento realizarase no momento en que o interesado ou a persoa debidamente autorizada solicite do distrito marítimo o novo certificado.

Artigo 18. *Troca do certificado de rexistro español-permiso de navegación.*

1. O certificado de rexistro español-permiso de navegación trocarase por outro novo nos seguintes casos:

- a) Cando sexa imposible o seu uso por manifesta deterioración.
- b) Cando o documento sexa ilexible.

Para isto bastará coa presentación do certificado que se pretende trocar ante calquera distrito marítimo, o cal, tras comunicalo ao do porto de matrícula para a súa toma de razón na folia de asento, expedirá un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación, que conservará a mesma data de caducidade do certificado que se troca, con excepción de que a troca se produza tres meses antes da súa caducidade, que terá a consideración dunha renovación.

A troca por un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación suporá unicamente o pagamento das taxas correspondentes á anotación na folia de asento da emisión e entrega do novo certificado. O dito pagamento realizarase no momento en que o interesado ou a persoa debidamente autorizada solicite do distrito marítimo o novo certificado.

Artigo 19. *Das infraccións e sancións.*

As infraccións e sancións que procedan en relación coas actividades reguladas neste real decreto rexeranse, en todo momento, polo disposto no capítulo III, do título IV da Lei 27/1992, polo establecido no título IX da Lei 30/1992, así como no Real decreto 1398/1993 e no anexo II do Real decreto 1772/1994.

Disposición adicional primeira. Aplicabilidade do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, polo que se regula o abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

O disposto no Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, polo que se regula o abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, non será de aplicación ás embarcacións abandeiradas e rexistradas nin ás que se pretendan abandeirar e rexistrar nas listas sexta ou sétima, en relación cos supostos regulados neste real decreto, para os que serán de aplicación os procedementos establecidos nel.

Disposición adicional segunda. *Procedementos susceptibles de tramitación a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Fomento.*

A presentación das solicitudes, escritos e comunicacións referidos nos distintos procedementos regulados neste real decreto, serán susceptibles de se realizar a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Fomento no enderezo electrónico <https://sede.fomento.gob.es>

Disposición adicional terceira. *Das entidades colaboradoras.*

1. As pólizas de seguro ou outras garantías financeiras establecidas na alínea f) do artigo 6.1 do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, co fin de garantir a responsabilidade civil derivada da dita actividade durante o período de vixencia das inspeccións realizadas, deberán cubrir as contingencias que produzan as embarcacións inspeccionadas ata cinco anos despois do cesamento da actividade da entidade.

2. O aval que deben constituír as entidades colaboradoras de inspección de embarcacións de recreo establecido na alínea f) do artigo 8 do Real decreto 1434/1999, deberá manter a súa vixencia ata cinco anos despois do cesamento de actividade da entidade.

Disposición transitoria única. *Embarcacións xa abandeiradas.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, o abandeiramento e matriculación das embarcacións nas listas sexta ou sétima do Rexistro de Matrícula de Buques, así como calquera acto rexistrable que afecte as xa rexistradas, deberase facer de acordo co procedemento que se establece neste real decreto.

2. Nas embarcacións xa abandeiradas e matriculadas seguiranse usando as licenzas de navegación de que van provistas ata que realicen algunha das operacións ou actos que motivan algún tipo de inscrición rexistral ou anotación en folia de asento, en cuxo momento se substituirán polo certificado de rexistro español-permiso de navegación que se crea por este real decreto.

3. O certificado de navegabilidade vixente trocarase por outro novo unicamente nos seguintes casos:

- a) Cando sexa imposible o seu uso por manifesta deterioración.
- b) Cando o documento sexa ilexible.
- c) Cando a embarcación sufra obras de reformas que a modifiquen de forma substancial.
- d) Por extravío, furto ou perda debidamente acreditada.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 544/2007, do 27 de abril, polo que se regula o abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo na lista sétima do Rexistro de Matrícula de Buques, e todas as disposicións, de igual ou de inferior rango, que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións do Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois, aprobado polo Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro.*

O Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha nova sublínea hh) ao número 5 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«hh) «Eslora embarcación de recreo»: a distancia medida paralelamente á liña de flotación de referencia, e ao eixe da embarcación, entre dous planos verticais perpendiculares ao plano central da embarcación situados un na parte máis a proa desta e o outro na parte máis a popa.

Esta eslora inclúe todas as partes estruturais da embarcación e as que forman parte integrante dela, tales como rodas ou popas de madeira, metal ou plástico, as amuradas e as xuntas casco/cuberta, así como aquelas partes desmontables do casco que actúan como soporte hidrostático ou hidrodinámico cando a embarcación está en repouso ou navegando. Esta eslora exclúe todas as partes móbiles que se poidan desmontar de forma non destrutiva sen afectar a integridade estrutural da embarcación, tales como paus, penois, plataformas saíntes en calquera extremo da embarcación, gornicións de proa, temóns, soportes para motores, apoios para propulsión, plataformas para se mergullar e acceder a bordo e proteccións e defensas.

Para as embarcacións con marcación CE a eslora será a que se axuste á definición dos parágrafos anteriores entre as recollidas na declaración de conformidade da embarcación, que é a «eslora do casco» segundo se define na norma UNE EN-ISO 8666:2006.»

Dous. Engádesse unha nova sublínea z) ao número 5 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«z) «Embarcación de recreo»: toda embarcación de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora comprendida entre 2,5 e 24 metros, medida segundo os criterios fixados na sublínea hh) deste artigo e utilizada para fins deportivos ou de ocio. Quedan comprendidas nesta definición as embarcacións que sexan utilizadas con ánimo de lucro ou con fins de adestramento para a navegación de recreo.»

Tres. Engádense dúas novas subalíneas, as zz) e zzz), ao número 5 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«zz) «Buque de recreo»: todo buque de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora superior a 24 metros, medida segundo os criterios fixados na subalínea hh) deste artigo e destinado á realización de actividades de recreo ou ocio.

zzz) «Embarcación de regata»: toda embarcación de recreo destinada á súa utilización exclusiva en regatas, de vela ou de motor, así como a adestramentos para as ditas competicións, que conte con numeral expedido pola Real Federación Española de Vela ou a Real Federación Española de Motonáutica, de acordo coa súa normativa.»

Catro. O parágrafo introdutorio do número 6 do artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«6. Para efectos do equipamento radioeléctrico de que deben ir provistos os buques e embarcacións de recreo, as zonas de navegación polas cales poden navegar defínense e precísanse da seguinte maneira:»

Cinco. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 7 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os buques españois que dispoñan dalgún equipamento transmisor de radiocomunicacións de uso marítimo, xa sexa de uso obrigatorio ou de instalación voluntaria, deberán dispor obrigatoriamente da licenza de estación de barco (LEB) expedida pola Dirección Xeral da Mariña Mercante. Esta licenza deberá estar situada nun lugar facilmente visible da estación radioeléctrica do buque para o que foi expedida e ampara e autoriza, exclusivamente, os equipamentos, frecuencias ou canles sinalados nela. Exclúense desta obriga as embarcacións de recreo que naveguen nas zonas 4 a 7, salvo que de maneira voluntaria instalen un equipamento fixo provisto de chamada selectiva dixital ou unha radiobaliza, caso en que estarán obrigadas a dispor de MMSI.»

Seis. O número 1 do artigo 12 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Todos os equipamentos radioeléctricos que se instalen nos buques españois deberán ser rexistrados pola Administración marítima e, con excepción das embarcacións de recreo, nas cales unicamente será obrigatoria a súa notificación, precisan de autorización previa para a súa instalación a bordo. As embarcacións de recreo de eslora igual ou inferior a 12 metros non estarán obrigadas a notificar a instalación de ningún equipamento a non ser que dispoñan da licenza de estación de barco.»

Sete. Engadirase o seguinte parágrafo ao final do número 2 do artigo 12, coa seguinte redacción:

«Nas embarcacións de recreo en que resulte obrigado comunicar a instalación dos equipamentos, as comunicacións - segundo o modelo recollido no anexo IX-dirixirallas o operador do buque ou o seu representante ou instalador autorizado á capitanía marítima ou distrito marítimo en cuxo ámbito se encontre o porto onde se levou a cabo a instalación. Para instalacións efectuadas en portos estranxeiros, as comunicacións de instalación deberanse dirixir á Dirección Xeral da Mariña Mercante. Cando se trate de equipamentos portátiles, respondedores de radar, receptores, sondas, ou outros equipamentos non obrigatorios con potencias inferiores a 25 vatios, será suficiente a presentación da factura de compra e a súa provisión a bordo non requirirá a certificación de ningunha empresa instaladora.»

Oito. Modifícase o primeiro inciso do primeiro parágrafo do número 1.e) do artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«As radiobalizas serán sometidas a unha proba anual de funcionamento por inspectores da capitanía marítima ou por empresas autorizadas. No caso de embarcacións de recreo esta proba será cuadrienal e levarana a cabo empresas autorizadas.»

Nove. Engádesse un novo parágrafo ao final do número 2 do artigo 26, coa seguinte redacción:

«Nas embarcacións de recreo, a fonte de enerxía de reserva soamente será obrigatoria para as de nova matriculación que naveguen nas zonas 1, 2 e 3, nas condicións especificadas no artigo 55.»

Dez. O número 3.a) do artigo 52 queda redactado da seguinte maneira:

«a) Os equipamentos de radiocomunicacións e dispositivos de salvamento obrigatorios nos buques de pasaxe, nos buques de carga e de servizos de porto da clase T, nos buques de pesca de litoral, altura e grande altura, e nos buques e embarcacións de recreo da zona de navegación 1 deberán cumprir os requisitos exixidos polo Real decreto 809/1999, do 14 de maio, e dispor da marcación de conformidade reproducida no seu anexo C.»

Once. Modifícase o título da sección 2.<sup>a</sup> do capítulo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«*Sección 2.<sup>a</sup> Equipamento radioeléctrico para buques e embarcacións de recreo*»

Doce. Modifícase o parágrafo introdutorio do número 1 do artigo 56, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os buques e embarcacións de recreo autorizados a realizar navegacións pola zona 1 deben estar provistos do seguinte equipamento radioeléctrico:»

Trece. Modifícase o parágrafo introdutorio do número 1 do artigo 57, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os buques e embarcacións de recreo autorizados a realizar navegacións pola zona 2 deben estar provistos do seguinte equipamento radioeléctrico:»

Catorce. Modifícase o parágrafo introdutorio do número 1 do artigo 58, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os buques e embarcacións de recreo autorizados a realizar navegacións pola zona 3 deben estar provistos do seguinte equipamento radioeléctrico:»

Quince. O artigo 59 queda redactado da seguinte maneira:

«Os buques e embarcacións de recreo autorizados a navegar pola zona 4 deben ir provistos, como mínimo, dunha instalación radiotelefónica de VHF de tipo fixo.»

Dezaseis. O artigo 60 queda redactado da seguinte maneira:

«Os buques e embarcacións de recreo autorizados a realizar navegacións pola zona 5 deben ir provistos dunha instalación de VHF fixa provista de radiotelefonía, ou radiotelefonía e LSD. Admítese como alternativa a dispoñibilidade dun VHF portátil que cumpra coas prescricións de estanquidade aprobadas mediante a norma europea IEC 60529 IPX7.»

Dezasete. Engádese un novo anexo IX, coa redacción do anexo IX deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modificacións do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de recreo para garantir a seguridade da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección.*

Un. O número 2 do parágrafo A) do artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Unha inspección da estrutura, as máquinas e o equipamento, para verificar que os materiais, os escantillóns, a construción e os medios, segundo proceda, se axustan aos planos aprobados, diagramas, especificacións, cálculos e demais documentación técnica, e que tanto a calidade do traballo como da instalación é satisfactoria en todos os seus aspectos. Superado o recoñecemento inicial expedirase o correspondente certificado de navegabilidade.

As embarcacións de recreo comprendidas no ámbito de aplicación do Real decreto 2127/2004, do 29 de outubro, que leven incorporada a marcación «CE» de conformidade, non precisarán de recoñecemento inicial.

O certificado de navegabilidade seralles expedido de forma automática pola Administración marítima. En todo caso, estas embarcacións estarán suxeitas aos correspondentes recoñecementos periódicos, intermedios, adicionais e, se for o caso, extraordinarios, que procedan.

O inicio do prazo para a súa realización computarase a partir da data da primeira posta en servizo da embarcación.

A súa data de expedición será a que marque o inicio do prazo para os recoñecementos periódicos e, se for o caso, intermedios, que se regulan nos parágrafos B) e C).»

Dous. O parágrafo D) do artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Será obrigatoria a realización de recoñecementos adicionais, nos supostos seguintes:

- a) Cando unha embarcación de recreo efectúe reparacións no seu casco, maquinaria e equipamento, ou sufra modificacións ou alteracións nestes.
- b) Cando unha embarcación vaia cambiar da lista sétima á lista sexta.
- c) Despois de ter sufrido varada, abordaxe, serias avarías por temporal ou outro motivo, ou avarías na súa maquinaria e demais elementos e compoñentes da embarcación, que poidan afectar as condicións de seguridade de navegación da embarcación.»

Tres. O artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«Os recoñecementos e inspeccións periódicos, intermedios, adicionais e extraordinarios de carácter obrigatorio, regulados no artigo 3, realizaranse a través de entidades colaboradoras de inspección, de acordo co establecido no artigo 86.5 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante (LPEMM). No caso de inspeccións no estranxeiro, tamén poderán levalas a cabo as organizacións autorizadas segundo se definen no Real decreto 90/2003, do 24 de xaneiro.»

Catro. O número 1.f) do artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«f) A entidade colaboradora de inspección deberá subscribir pólizas de seguro ou outras garantías financeiras que cubran os riscos da súa responsabilidade por unha contía mínima de 1.202.024 euros, sen que tal contía limite a dita



responsabilidade. A dita contía quedará anualmente actualizada en función do índice de prezos de consumo.»

Cinco. O número 3.h) do artigo 7 queda redactado da seguinte maneira:

«h) Copia da póliza de seguros ou do documento acreditativo da garantía financeira establecida.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e abandeiramento de buques.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para modificar os anexos e ditir, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Actualización de anexos.*

Autorízase o director xeral da Mariña Mercante para actualizar os anexos deste real decreto, cando isto veña imposto por normativa nacional, da Unión Europea ou en función de avances técnicos.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

## ANEXO I

## Modelo solicitude de inscrición para a súa matrícula e abandeiramento de embarcacións de recreo

## Solicitante:

Nome:	DNI/NIF/pasaporte:	Nacionalidade:
Teléfono de contacto:	Domicilio:	
Código postal:	Cidade:	Provincia:

## Expón:

Que adquiriu a embarcación e o motor que seguidamente se indica, e que desexa matricular, para cuxos efectos xunta a documentación que figura a continuación, sinalada cun X. Así mesmo, solicita que lle sexa concedida a zona de navegación \_\_\_\_\_, e que embarcarán a bordo \_\_\_\_\_ persoas.

Para a súa inspección, se procede, a embarcación encóntrase en \_\_\_\_\_

Embarcación	Documentos que se xuntan (segundo proceda)
	<input type="checkbox"/> Solicitude do MMSI <input type="checkbox"/> Declaración de conformidade da embarcación <input type="checkbox"/> Declaración de conformidade do motor <input type="checkbox"/> Certificado de inspección de buques <input type="checkbox"/> Certificado de homologación <input type="checkbox"/> Certificado de construción por unidades <input type="checkbox"/> Proxecto asinado por técnico competente <input type="checkbox"/> Achega do título de adquisición da propiedade ou dereito de desfrute ** <input type="checkbox"/> Autorización a outra persoa física ou xurídica para que actúe no seu nome <input type="checkbox"/> Certificado de baixa do rexistro do país de orixe * <input type="checkbox"/> Despacho de alfándegas (para as procedentes de países terceiros) ** <input type="checkbox"/> Impreso de imposto especial sobre determinados medios de transporte <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento da taxa de inscrición <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento da tarifa T-0 de axudas á navegación * <input type="checkbox"/> Outros: _____

## Solicita:

A inscrición da embarcación na lista \_\_\_\_\_ da matrícula de \_\_\_\_\_, a favor do solicitante, de conformidade co disposto no Real decreto \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_, do \_\_\_\_\_, para o cal propón o seguinte nome:

Lugar e data: sinatura:

SR. XEFE DO DISTRITO DE \_\_\_\_\_

## ANEXO II

## Modelo solicitude de preinscrición de embarcacións de recreo

## Solicitante:

Nome:	DNI/NIF/pasaporte:	Nacionalidade:
Teléfono de contacto:	Domicilio:	
Código postal:	Cidade:	Provincia:

## Expón:

Que como empresa comercializadora ou estaleiro español da embarcación e o motor que seguidamente se indica, e que desexa preinscribir, xunta a documentación que figura a continuación, sinalada cun X, e que embarcarán a bordo \_\_\_\_\_ persoas.

Para a súa inspección, se procede, a embarcación encóntrase en \_\_\_\_\_


Embarcación	Documentos que se xuntan
Tipo embarcación: vela / motor Marca: Modelo: CIN ou n.º de serie: Eslora: Manga: Material casco: Carga máxima: N.º máximo persoas: Categoría de deseño:	<input type="checkbox"/> Declaración responsable sobre a titularidade. <input type="checkbox"/> Declaración responsable de que a embarcación/motores proceden da Unión Europea, en caso contrario, declaración da alfándega española ou comunitaria que a introduciu a libre práctica. <input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento das taxas seguintes: <input type="checkbox"/> de inscrición. <input type="checkbox"/> de axudas á navegación <input type="checkbox"/> Certificado de navegabilidade, obtido de acordo co establecido no artigo 9.2 do Real decreto ____/____, do _____. <input type="checkbox"/> Certificado de baixa no rexistro do país de procedencia para as embarcacións importadas e rexistradas previamente noutro país ou declaración responsable de que tal rexistro non é necesario no dito país. <input type="checkbox"/> Outros: _____
<b>Motor:</b> Marca: Modelo: N.º de serie: Potencia (kW): Combustible: gasolina/diésel	

## Solicita:

A inscrición da embarcación na lista \_\_\_\_\_ da matrícula de \_\_\_\_\_, a favor do solicitante, de conformidade co disposto no Real decreto \_\_\_\_ / \_\_\_\_\_, do \_\_\_\_\_, para o cal propón o seguinte nome:

Lugar e data: sinatura:

SR. XEFE DO DISTRITO DE \_\_\_\_\_



## ANEXO III

### Certificado de preinscripción

MINISTERIO DE FOMENTO-ESPAÑA

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

O xefe do Distrito Marítimo de ..... manifesta que a embarcación de recreo co número «Número CIN»: ..... Número de identificación da embarcación ....., foi preinscrita con data por instancia do estaleiro ou comercializadora .....

Este certificado, de acordo co disposto no artigo 4.3 do Real decreto ....., ten a consideración de permiso provisional de navegación polo prazo de seis meses contados desde a transmisión da embarcación, data tras a cal se producirá a caducidade de forma automática.

Data da adquisición polo adquirente..... (este dato será cuberto polo estaleiro ou comercializadora e porase en coñecemento do xefe de distrito para a súa toma de razón na folia de preinscripción)

Este permiso provisional autoriza, unicamente, a navegar no mar territorial español e en calquera caso non poderá superar as zonas de navegación a que estea limitada de acordo coa súa categoría de deseño.

Este certificado irá acompañado dunha copia da “solicitud de preinscripción de embarcacións de recreo” selada e visada polo xefe de distrito.

Dado en \_\_\_\_\_ o

Sinatura do xefe de distrito e selo

## ANEXO IV

## Certificado de Registro Español - Permiso de Navegación

CERTIFICADO DE  
CERTIFICATE OF SPANISHREGISTRO ESPAÑOL  
REGISTRYPERMISO DE NAVEGACIÓN  
EMBARCACIONES DE RECREO

DATA DE VALIDEZ: \_\_\_\_\_

NIB: \_\_\_\_\_


Nome		Indicativo matrícula		Marca		Modelo	Número serie
Material casco		Propulsión		Combustible		Eslora (ISO)	Zona de navegación
1. Madeira 2. Aluminio 3. Aceiro 4. Fibra 5. Outros		1. Foraborda 2. Intraborda 3. Veleiro 4. Motoveleiro		1. Gasóleo 2. Diésel 3. Gasolina 4. Outros		Año de construcción	/
Número de motores		Número máximo de persoas a bordo		Titulación mínima requirida			
Propietarios		Apellidos e nome		Domicilio		Número	
1.					1. DNI		4. Tarjeta de identidad de extranjero
2.					2. NIF		Nacionalidade
3.					3. Pasaporte		

- Este documento autoriza a navegación desta embarcación. Deberase encontrar a bordo da embarcación en navegación, xunto coa titulación do patrón, certificado de navegabilidade e seguro de responsabilidade civil en vigor.
- O certificado de rexistro español debe ser renovado por períodos de cinco anos pola persoa que figura como propietario no rexistro de buques, que solicitará a súa renovación no prazo de tres meses con anterioridade á finalización da validez do certificado. Non renovalo suporá a súa cancelación de oficio.
- Calquera variación dos datos, así como a transferencia de titularidade deberá ser comunicada a un distrito marítimo que emitirá, se for o caso, o novo certificado.

..... o ..... de ..... de 20....

Sinatura do xefe de distrito e selo

**ANEXO V**  
**MINISTERIO DE FOMENTO-ESPAÑA**  
**DIRECCIÓN XERAL DA MARÍÑA MERCANTE**  
**CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN**



Marca	Modelo	Número CIN	
Categoría de deseño	Zona de navegación	N.º máximo de persoas a bordo	Titulación mínima requirida
A ( ) B ( ) C ( ) D ( )	4 ( ) 5 ( ) 6 ( ) 7 ( )		( ) Licenza federativa ( ) PNB ( ) PER
Propietario (nome e apelidos ou empresa)	Domicilio		N.º de inscrición

Este certificado autoriza a navegar no mar territorial español e en calquera caso non poderá superar as zonas de navegación a que estea limitada de acordo coa súa categoría de deseño. Este certificado irá acompañado dunha copia da declaración de conformidade CE.

Dado en \_\_\_\_\_ o

Sinatura do xefe de distrito e selo

### Reverso do anexo V

A entidade de inspección que subscribe, designada conforme o Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, **CERTIFICA** que esta embarcación foi recoñecida de acordo co establecido no anexo II do citado real decreto e que a dita embarcación, como tamén o seu equipamento, foron encontrados aceptables para o tipo de navegación asignada.

Este tipo de inspeccións só serán obrigatorias para as embarcacións iguais ou maiores de 6 metros

Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>1</sup> :	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>1</sup> :	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>1</sup> :	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>1</sup> :	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	

(<sup>1</sup>) Recoñecemento: intermedio, periódico, extraordinario.

## ANEXO VI

## Modelo de solicitude de inscrición de embarcacións de recreo con marcación CE de eslora igual ou inferior a 12 metros

## Solicitante:

Nome, apelidos		Nacionalidade
DNI/NIF/pasaporte	Domicilio	
Código postal	Cidade	Provincia

Embarcación	Documentos que se xuntan
Marca: Modelo: Categoría de deseño: Eslora CE: Número CIN: N.º máximo persoas: Data de adquisición:	<input type="checkbox"/> Copia da factura legal de compra <input type="checkbox"/> Copia do impreso oficial de pagamento do imposto por transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nos casos de cambio de titularidade mediante contrato de compravenda <input type="checkbox"/> Impreso de imposto especial sobre determinados modos de transporte

Embarcación /s auxiliares	Documentos que se xuntan
Marca: Modelo: Categoría de deseño: Eslora CE: Número CIN: N.º máximo persoas: Data de adquisición:	<input type="checkbox"/> Copia da factura legal de compra <input type="checkbox"/> Copia do impreso oficial de pagamento do imposto por transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nos casos de cambio de titularidade mediante contrato de compravenda

## Solicita:

A inscrición da embarcación, a que se refire o artigo 8 do Real decreto ....., a favor do solicitante, de conformidade co disposto no Real decreto \_\_\_\_/\_\_\_\_, do \_\_\_\_\_.

Lugar e data: sinatura:

SR. XEFE DO DISTRITO DE \_\_\_\_\_



## ANEXO VII

ESPAÑA  
SPAINMinisterio de Fomento  
Dirección Xeral da Mariña MercanteCERTIFICADO DE NAVEGABILIDADE PARA EMBARCAÇÕES DE RECREO  
DE ESLORA MENOR OU IGUAL DE 24 METROS

NIB		Marca	
Modelo			Arqueo (regra 2ª)
N.º de homologación		Ano de construción	
Número CIN		Material do casco	
Eslora ISO (m)	Eslora C 7/95 (m)	Manga <sup>1</sup> (m)	
Potencia máxima (kW)		Carga máxima (kg)	
Categoría de deseño / N.º máx. persoas a bordo (pax / trip.)	A <input type="checkbox"/> / ( / ) B <input type="checkbox"/> / ( / ) C <input type="checkbox"/> / ( / ) D <input type="checkbox"/> / ( / )		
Tipo de motores (IB/mixto)	Marca motores		Modelo motores
Potencia total motores (kW)		Números de serie motores	

O funcionario que subscribe,

**CERTIFICA:**

- Que a documentación da embarcación reflicte as características que se indican nos números anteriores.
- Que a embarcación queda sometida aos recoñecementos intermedios, periódicos ou extraordinarios establecidos no anexo I do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro.

Expedido en            o

(Sinatura do funcionario)

Selo da dependencia.

Categoría de deseño	Zona de navegación máxima
A	1 (Zona de navegación ilimitada)
B	2 (Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 60 millas)
C	4 (Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 12 millas)
D	7 (Navegación en augas costeiras protexidas, portos, radas, baías abrigadas e augas protexidas en xeral)

O patrón será responsable de navegar dentro da zona permitida en función da categoría de deseño, o equipamento de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación, prevención de verteduras por augas sucias, equipamento de radiocomunicacións, seguros de responsabilidade civil e da titulación que posúa para o goberno de embarcacións segundo a lexislación vixente.

A entidade de inspección que subscribe, designada conforme o Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, **CERTIFICA** que esta embarcación foi recoñecida de acordo co establecido no anexo II do citado real decreto e que a dita embarcación, como tamén o seu equipamento, foron encontrados aceptables para o tipo de navegación asignada.

Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>2</sup>	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>2</sup>	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado <sup>2</sup>	Próximo recoñecemento:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Tipo: Data:	Tipo: Data:	

[1] É a máxima largura do casco na súa proxección horizontal e medida na cara exterior do forro.

[2] Recoñecemento: intermedio, periódico, extraordinario

## ANEXO VIII

## Lista normas UNE harmonizadas

Norma	Título
UNE-EN ISO 8099:2001	Embarcacións de recreo. Sistemas de retención de refugallos de instalacións sanitarias (aseos) (ISO 8099:2000).
UNE-EN ISO 8665/1M:2001	Embarcacións de recreo. Motores e sistemas de propulsión mariños. Medición e declaración de potencia (ISO 8665: 1994).
UNE-EN ISO 8666: 2003	Datos principais (ISO 8666:2002).
UNE-EN ISO 9093-1:1998	Embarcacións de recreo. Billas de fondo e pasacascos. Parte 1: metálicos (ISO 9093-1:1994).
UNE-EN ISO 9093-2:2003	Pequenas embarcacións. Billas de fondo e pasacascos. Parte 2: non metálicos (ISO 9093-2:2002).
UNE-EN ISO 10088 :2002	Embarcacións de recreo. Sistemas de combustible instalados de forma permanente e tanques fixos de combustible (ISO 10088:2001).
UNE-EN ISO 10133:2001	Embarcacións de recreo. Sistemas eléctricos. Instalacións de corrente continua a moi baixa tensión (ISO 10133:2000).
UNE-EN ISO 10239:2001	Embarcacións de recreo. Sistemas alimentados por gas licuado de petróleo (GLP) (ISO 10239:2000).
UNE-EN ISO 11105:1997	Embarcacións menores. Ventilación das salas de motores de gasolina e/ou dos compartimentos para os depósitos de gasolina (ISO 11105:1997).
UNE-EN ISO 11812:2002	Embarcacións pequenas. Bañeiras estancas e bañeiras de baleirado rápido (ISO 11812:2001).
UNE-EN ISO 12215-1:2001	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 1: materiais: resinas termoestables, reforzos de fibra de vidro, laminado de referencia (ISO 12215-1:2000).
UNE-EN ISO 12215-2:2003	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 2: materiais: materiais de recheo para construcións tipo sándwich, materiais embebidos (ISO 12215-2:2002).
UNE-EN ISO 12215-3:2003	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 3: materiais: aceiro, aliaxes de aluminio, madeira e outros materiais (ISO 12215-3:2002).
UNE-EN ISO 12215-4:2003	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 4: materiais: talleres de construción ou fabricación (ISO 12215-4:2002).
UNE-EN ISO 12217-1:2002	Embarcacións de recreo. Avaliación e clasificación da estabilidade. Parte 1: embarcacións non propulsadas a vela de eslora igual ou superior a seis metros (ISO 12217-1:2002).
UNE-EN ISO 12217-2:2002	Embarcacións de recreo. Avaliación e clasificación da estabilidade. Parte 2: embarcacións propulsadas a vela de eslora igual ou superior a seis metros (ISO-12217-2:2002).
UNE-EN ISO 12217-3:2003	Embarcacións de recreo. Avaliación e clasificación da estabilidade. Parte 3: embarcacións de eslora inferior a seis metros (ISO 12217-3:2002).
UNE-EN ISO 13297:2001	Embarcacións de recreo. Sistemas eléctricos. Instalacións de corrente alterna (ISO 13297:2000).
UNE-EN ISO 14895:2003	Pequenas embarcacións. Fornelos de cociña alimentados por combustible líquido (ISO 14895:2000).
UNE-EN ISO 14946:2002	Embarcacións de recreo. Capacidade de carga máxima (ISO 14946:2001).
UNE-EN ISO 15085:2003	Pequenas embarcacións. Prevención da caída de persoas ao mar e reembarque a bordo (ISO 15085:2003).
EN 60092-507:2000	Instalacións eléctricas dos barcos. Parte 507: embarcacións de recreo (IEC 60092-507:2000).

## ANEXO IX

### Notificación da instalación/desmontaxe de equipamentos radioeléctricos

#### DATOS DO SOLICITANTE:

NOME OU RAZÓN SOCIAL: ..... DNI/NIF/pasaporte: .....  
 DOMICILIO: .....  
 NOME DA EMBARCACIÓN: .....  
 MMSI: ..... ESLORA: .....  
 PROPIETARIO DA EMBARCACIÓN: .....

Don/a

....., en  
 calidade de .....(representante, propietario, etc.) .....

CERTIFICA que os equipamentos radioeléctricos que se citan a continuación foron instalados/desmontados (rísquese o que non proceda) na embarcación arriba indicada, de acordo coas prescricións establecidas no Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois.

Tipo de equipamento (1)	Marca/Modelo	N.º de serie	N.º rexistro (2)	Obs. (3)

- (1) VHF, radiobaliza, GPS, sonda, etc.
- (2) Incluír só se se coñece o número de aprobación.
- (3) Indicar se é instalación (I) ou desmontaxe (D).

En ..... o.....de....., de .....

Sinatura do solicitante

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

CAPITANÍA MARÍTIMA DE: